

**EXCMO CONCELLO DE RIBEIRA**

**DECRETO DE RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS, ALCALDE**

**DECRETO.** Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a creación dunha **BOLSA DE EMPREGO** para a contratación laboral temporal dun/dunha **PROFESOR/A DE MÚSICA, na especialidade de GUITARRA** para o Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira, nomeamento do Tribunal Avaliador, data, hora e lugar do inicio do proceso selectivo.

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego para a contratación dun/ dunha PROFESOR/A DE MUSICA na especialidade de GUITARRA, para o Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira, a través do sistema de selección de CONCURSO-OPOSICION, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía de data 09/11/2020, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 192 do 12 /11/2020, no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira, así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, e no xornal "La Voz de Galicia" na súa edición do 12/11/2020.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, na data 24/11/2020, ditou resolución aprobando a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, que se publicou na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial no que estivo exposta ao público desde a data 25/11/2020 ata a data 01/12/2020, concedéndose un prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Polo exposto, rematado o prazo de subsanación de erros ou de presentación de emendas, esta Alcaldía, de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** **Aproba-la lista definitiva** dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Nº	Apellidos e nome do/a aspirante	D.N.I.	Admitido/a	Causa da exclusión	Exento/a Proba galego
1º	Campos García, Pedro	***0305**	Si		Si
2º	Curras Pico, Antonio Luis	***6873**	Si		Si
3º	De la Ossa Jiménez, Sergio	***9516**	Si		Si



4º	Gómez Silva, Carmen	***1188**	Si		Si
5º	Iglesias Seoane, Álvaro	***0984**	Non	(4)	Si
6º	Santalices Blanco, Miguel Emilio	***2714**	Si		Si
7º	Vázquez Romero, Andrés	***9568**	Si		Si

- 1) Non achegar instancia solicitando participar no proceso selectivo.
- 2) Instancia presentada fóra de prazo.
- 3) Non achegar fotocopia do DNI ou documento identificativo
- 4) Non achegar fotocopia do título académico esixido na convocatoria.
- 5) Non achegar xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
- 6) Non achega certificado de situación administrativa ou certificado de períodos de inscrición co fin de acreditar a situación de desemprego para o caso de exención de taxa.
- 7) Non achega a vida laboral xunto co certificado de períodos de inscrición co fin de acreditar a situación de desemprego para o caso de exención da taxa

A inclusión dos aspirantes na lista definitiva de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

**Segundo.-** A lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Así mesmo, a título informativo e complementario, publicarase na páxina web do Concello de Ribeira ([www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)) no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

**Terceiro.-** Nomear o seguinte Tribunal Avaliador do proceso selectivo:

**Presidente:** Titular: Unai González Suárez. Suplente: Pablo Bao Castro.

**Secretario:** Titular: María Sieira Ríos. Suplente: José Martínez de Llano Orosa.

**1º Vogal:** Titular: José Manuel Dapena González. Suplente: José Antonio Otero Sobrido.

**2º Vogal:** Titular: Mª Teresa Cid Poza. Suplente: Ignacio Luis Fernández Veiga.

**3º Vogal:** Titular: María Paz Vidal. Suplente: Ariana Cajaraville Chacón.

Contra a composición deste Tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Nomear como asesor do Tribunal Cualificador a Álvaro López González, que asistirá ao Tribunal nas fases de concurso e oposición.

**Quinto.-** [Convocar ós membros do Tribunal Avaliador](#) para que concorran á Casa Consistorial do Concello de Ribeira [o vindeiro día 10 de decembro do 2020, ás 10:00 horas](#), co obxecto de proceder á súa constitución e ao inicio do proceso selectivo coa valoración dos méritos presentados e debidamente acreditados polos/as aspirantes.

A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á súa valoración.

**Sexto.-** [Convocar ós/as aspirantes definitivamente admitidos/as para que o día 11 de decembro de 2020, ás 10:00 horas se presenten no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira, sito na rúa Miguel Rodríguez Bautista, nº 21](#), co obxecto de proceder ao desenvolvemento da fase de oposición que



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000912E100L8S2U1E4X3B5 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/12/2020  
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/12/2020  
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/12/2020 09:14:51

EXPEDIENTE ::  
2020PSEL000013

Fecha: 27/10/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



consistirá na realización dos exercicios referidos na Base 9ª das que rexen este proceso selectivo.

**Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.**

**Así mesmo, os/as aspirantes que acudan a esta proba deberán traer máscara e o seu propio instrumento.**

**Sexto.-** Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

**En Ribeira, a data que figura na sinatura dixital ao pé deste documento. O alcalde, Manuel Ruiz Rivas. Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000912E100L8S2U1E4X3B5 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/12/2020  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/12/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/12/2020 09:14:51

EXPEDIENTE ::  
2020PSEL000013

Fecha: 27/10/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

